



INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORA COA CÁMARA MINEIRA NO FOMENTO DA CALIDADE E DA SEGURIDADE E NA PROMOCIÓN SOCIAL E CULTURAL DO SECTOR DA MINARÍA

- **Fernando Blanco asinou un convenio de colaboración co presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Francisco Aréchaga, para o desenvolvemento de actuacións de fomento da minaría en distintos ámbitos.**

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2008.- A Consellaría de Innovación e Industria colaborará coa Cámara Oficial Mineira de Galicia no desenvolvemento de varias actuacións de fomento da industria mineira galega nos campos da investigación, implantación das TIC, promoción social, calidade, medio ambiente, seguridade e xeración de información técnico-empresarial do sector mineiro. Así o establece un convenio que asinaron esta mañá o titular de Innovación e Industria, o nacionalista Fernando Blanco, e o presidente da Cámara Minería, Francisco Aréchaga. A Consellaría achegará 120.000 euros, un 14% máis que o exercicio anterior, para a execución destas actuacións.

En virtude do convenio asinado hoxe, a Cámara Oficial Mineira comprométese a desenvolver oito grupos de actividades relacionadas co fomento da calidade e da seguridade, a documentación xeolóxica e empresarial e a promoción social e cultural da actividade mineira. Estes tres eixes de actuación concentran a maior parte do orzamento (76.000 euros). A maiores, desenvolveranse programas de investigación histórica da minaría galega e implantación de TIC no sector, entre outros.

Algunhas das accións concretas previstas polo convenio son a mellora e dotación de novos servizos á páxina web da Cámara Mineira, a formación on-line en prevención de riscos laborais, a actualización do Manual de Seguridade e Saúde na minaría, a celebración dunhas xornadas de medio ambiente, estudos sobre os balnearios galegos e sobre sustentabilidade mineira en colaboración coa Universidade de Santiago, a convocatoria de premios e certames para a difusión social da minaría ou a participación en publicacións a nivel internacional. Como novidades deste ano figuran a celebración dunhas xornadas de seguridade mineira e a modernización e a implantación de novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Na presentación deste convenio, o conselleiro de Innovación e Industria destacou que o seu departamento vén de impulsar dúas importantes medidas de fomento do sector baixo criterios de sustentabilidade, responsabilidade e seguridade, como son a nova Lei de Ordenamento da Minaría, que vén de ser aprobada no Parlamento galego e que constitúe a primeira das súas características que se aproba no Estado; e o Plan Estratéxico de Prevención e Control dos Riscos Laborais na Minaría, dotado dun orzamento de 5 millóns de euros ata 2010 para combater a sinistralidade laboral e minimizar os riscos de accidentes e enfermidades profesionais.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA